



17:27 05/11/2009

Regulación necesaria tamén en Pontevedra.

Ordenanza Municipal protecciónista de telefonía móvil

Dende a APDR congratulámornos pola negativa do Concello de Pontevedra a legalizar unha antena base de Vodafone na rúa Dr. Loureiro Crespo nº 54 (rúa que xunto coa de Joaquín Costa conta con zonas sensíbeis como a Residencia Xerátrica, o Hospital Provincial e centros de ensino, afectados todos eles pola electrocontaminación de diversas antenas base de telefonía móvil), lembrando que o Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) "non permite o aproveitamento de edificios para unha finalidade - industrial- coa que non teñen relación" e que é necesaria algunha regulación.

Dende a APDR congratulámornos tamén polo posicionamento público da primeira Tenente de Alcalde do concello de Pontevedra, Teresa Casal, sobre a necesidade de **elaborar unha ordenanza específica que regule o despregamento (caótico e ilegal) das instalación de antenas base de telefonía móvil** en Pontevedra.

As derradeiras declaracóns sobre este tema nas [Resolucións do Parlamento Europeo](#) e da [Axencia Europea de Medio Ambiente](#), lembranos que ás emisións electromagnéticas "**poden producir efectos adversos para a saúde humana**", chamando a reducir (por debaixo de 0,1 µW/cm² segundo o informe científico "[Bioinitiative Report](#)") os límites de exposición actuais na lexislación estatal española por ser "**obsoletos para protexer a saúde da poboación**" (especialmente dos grupos máis vulnerábeis), e mentres iso non sexa posíbel **chaman ás distintas administracións** (incluídas as locais) a **minimizar xa o seu impacto contaminante** contando coa implicación dos axentes implicados, incluíndo a participación destes nun proceso dialogado na implantación de antenas para garantir ao menos unha protección dos grupos máis vulnerábeis.

Dende a APDR apostamos por un proceso participativo (con representantes de colectivos de afectados, veciñais, de nais e pais e ecoloxistas) **para elaborar unha ordenanza baseada no principio de cautela**, que partindo da potestade inspectora e reguladora do Concello de Pontevedra, recolla, dende o seu ámbito de competencias, ditos consellos protecciónistas.

Na liña da proposta de ordenanza que presentamos ao Concello de Vilaboa, entendemos os seguintes puntos como craves para restrinxir a exposición da poboación esta contaminación:

- Compatibilizar a saúde e a protección medio ambiental coa calidade e a cobertura da comunicación.
- Contar con que a especial protección dos grupos sensíbeis (bebés, mocidade, embarazadas, enfermos, anciáns, electrosensíbeis), debe estar presente tanto no ámbito residencial como nos espazos considerados como tales (de ensino, sanitarios, de maiores, espazos de lecer, ...)
- Control dos niveis de exposición á contaminación electromagnética en tempo real con acceso público por internet.
- Participación cidadán en todo o proceso de implantación nunha Comisión de Telecomunicacións.

Aplicación da avaliación de incidencia ambiental: como actividade "perigosa" en base a aplicación da lei de protección ambiental de Galicia tal e como lembra o [Valedor do Pobo](#).

Descargada da Web o 08.11.09:

<http://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2009/11/08/concello-legaliza-antena-base-telefonia-movil-loureiro-crespo/384515.html>



Domingo 08 de noviembre de 2009

El Concello no legaliza una antena base de telefonía móvil en Loureiro Crespo

APDR pide una ordenanza reguladora del espacio electromagnético

REDACCIÓN - PONTEVEDRA La Asociación pola Defensa da Ría (APDR) aplaude la decisión del Concello de no legalizar una antena base de telefonía móvil en la calle Loureiro Crespo, alegando que el plan general de ordenación urbana (PGOU) "non permite o aproveitamento de edificios para unha finalidade industrial coa que non teñen relación". Hasta que no exista una regulación específica la administración local no concederá licencias a las antenas base. Desde la asociación ecologista se aprovecha esta resolución para instar al Concello de Pontevedra a que redacte y aprueba una ordenanza municipal que regule la utilización del espacio electromagnético desde "el principio de la cautela". Defensa da Ría propone que en la elaboración de dicha ordenanza participen representantes de colectivos de afectados por la contaminación de las antenas, asociaciones vecinales, de padres de alumnos y ecologistas. La APDR entiende que una futura ordenanza reguladora de las antenas de telefonía móvil debe compatibilizar la salud y la protección del medio ambiente con la calidad y la cobertura de la comunicación y debe también contemplar la protección especial de grupos de población sensibles (bebés, jóvenes, embarazadas, ancianos, enfermos....).

Controles

Por otra parte, la ordenanza debe facilitar el control de los niveles de exposición a la contaminación electromagnética en tiempo real, con acceso público a través de internet. Defensa da Ría defiende la participación ciudadana en una comisión de telecomunicaciones y la aplicación de la evaluación de incidencia ambiental como actividad "peligrosa" de las antenas de telefonía móvil, tal como avala el Valedor.



Viernes, 6 de noviembre de 2009

La APDR reclama mayor control sobre las antenas de telefonía

Pontevedra. La Asociación Pola defensa da Ría de Pontevedra (APDR) aplaudió ayer la negativa por parte del Concello a legalizar una antena base de Vodafone en la calle Loureiro crespo y recordó que el plan Xeral de Ordenación Urbana "non premite o aproveitamento de edificios para una finalidade (industrial) coa que non teñen realción",.

En este sentido, el colectivo medioambiental reclama al Gobierno local un mayor control sobre las antenas de telefonía en el término municipal pontevedrés a través de iniciativas como la medición de los niveles de exposición a la contaminación electromagnética. También apuestan por preservar los núcleos poblacionales más sensibles a estas radiaciones.

Descargada da Web o 06.11.09:

http://www.lavozdegalicia.com/pontevedra/2009/11/06/0003_8087510.htm



Pontevedra

APDR pide participar na elaboración da ordenanza sobre antenas de telefonía

La Voz

6/11/2009

A Asociación Pola Defensa dá Ría apostou por un proceso participativo para a elaboración dunha ordenanza municipal que regule a instalación de antenas de telefonía móvil en Pontevedra, en poidana ter voz os representantes de colectivos afectados, veciños, asociacións de pais e grupos ecoloxistas.

APDR expresou a súa satisfacción pola negativa do Concello a legalizar unha antena basee de Vodafone na rúa Loureiro Crespo número 54, en base a que o PGOU non permite o aproveitamento de edificios para unha finalidade industrial coa que non ten relación.

O colectivo ecoloxista congratulouse, así mesmo, do posicionamento da tenente de alcalde, Teresa Casal, sobre a necesidade de elaborar unha ordenanza específica que regule «o despregamento caótico e ilegal dás instalacións de antenas de base de telefonía móvil en Pontevedra».

Recordou que as resolucións do Parlamento Europeo e da Axencia Europea de Medio Ambiente inciden en que as emisións electromagnéticas «poden producir efectos adversos para a saúde humana», recomendando reducir os límites de exposición actuais na legislación estatal española.